



# CONCELLO DE IRIXOA



## CONTRATO ADMINISTRATIVO POLA ADXUDICACIÓN DA OBRA DE " MEJORA DE FIRME VIAL LOUSADA DE ARRIBA " (PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS AGADER 2024-2025)

Expediente de contratación: 2024/C003/000005.

En Irixoa, a tres de setembro de dous mil vinte e catro,

R E Ú N E N S E (telematicamente)

Dunha parte e como ADXUDICANTE: Antonio Deibe Sanmartín, con D.N.I. \*\*\*25.69\*\*, en calidade de alcalde do **Concello de IRIXOA** (P1504000I con domicilio en Pazo de Irixoa nº 6-A 15313 Irixoa), en virtude da representación legal que ostenta de devandito ente,

e **doutra parte** e como ADXUDICATARIO: Diego Nieto Barreiro, maior de idade, con D.N.I. \*\*\*14.31\*\*, que actúa en representación da empresa **Construcciones PONCIANO NIETO, S.L.**, con domicilio social sito en c/Agra dos Cregos nº 28-bajo (15850 Zas - A Coruña) e con N.I.F. B-15293145, para o que hai apoderamento segundo consta no expediente.

Ambas as partes recoñécense capacidade legal e titularidade de facultades para a formalización do presente contrato, o cal concrétase no acordo de adxudicación e nos seguintes antecedentes e cláusulas do mesmo.

### ANTECEDENTES

1. O proxecto das obras que se contratan está redactado por Victorino Corral Rodríguez, técnico municipal, tendo sido aprobado en sesión da Xunta de Goberno Local do 22-2-2024. O importe do proxecto e da licitación é de 74.270,10 € (IVE incluído).

2. No expediente de contratación son de apuntar os seguintes extremos:

- Aprobación da convocatoria telemática mediante prego de cláusulas administrativas, mediante acordo de Xunta de Goberno Local de 2-7-2024 e procedemento aberto con varios criterios automáticos de valoración. A convocatoria foi efectivamente na PLACSP con data do 12-7-2024.
- Acto de cualificación de documentación de licitadores presentados e de apertura e valoración de proposicións económicas realizado o día 29-7-2024 (a oferta de Const. Ponciano Nieto, S.L. de 63.285,55 € foi declarada con baixa anormal ou desproporcionada); a xustificación desta baixa foi informada favorablemente.
- Na Mesa de Contratación do 14-8-2024 resultou proposta de adxudicación en favor da empresa Const. Ponciano Nieto, S.L. Foi publicada e/ou notificada dita adxudicación.
- O contratista, previo requirimento de xustificación da adxudicación, presenta a documentación oportuna, particularmente fianzas definitiva e complementaria por importe de 2.615,11 € cada unha.
- Adxudicación das obras, ratificando a proposta da mesa de contratación á mesma empresa, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de 30-8-2024.



# CONCELLO DE IRIXOA



## CONTRATO ADMINISTRATIVO OBRA DE LOUSADA DE ARRIBA PLAN MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS AGADER 2024-2025

Tendo manifestado ambas as partes a súa vontade que se plasma no contrato derivado da adxudicación, reúnen para formalizalo mediante o presente documento e acto polo que PACTAN o mesmo, axustando o seu contido ás seguintes

### CLÁUSULAS:

1ª. A empresa Construcciones Ponciano Nieto, S.L. comprométese á execución das obras detalladas no proxecto "**Mejora de firme vial Lousada de Arriba**" con suxeición estrita ao seu contido e ao prego de cláusulas de contratación.

2ª. O prezo da execución é de **63.285,55 €** (52.302,11 € de base e 10.983,44 € de IVE), que corresponde ao financiamento do plan de mellora de camiños de titularidade municipal AGADER 2024-2025, con achega municipal. Dentro do prezo de licitación enténdense incluídos todos os gastos de contratación relacionados (anuncios, impostos, etc.), en especial os de dirección de obra e coordinación de seguridade.

3ª. As obras realizaranse no prazo máximo de **27 días naturais**, a partir da data do replaneamento. A dirección técnica correrá a cargo de Victorino Corral Rodríguez (técnico municipal). O control de calidade externo (materiais, método e obra rematada) será realizada pola empresa Ingeniería, Geotecnia y Calidad, S.L., contratada polo concello e supoñendo un gasto non incluído no prezo de adxudicación.

A comprobación do replaneamento terá lugar dentro do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de hoxe.

4ª. O prazo de garantía será de 1 ano contado desde a data de recepción, sen prexuízo de que a garantía presentada será cancelada aos 6 meses, agás que houberse algunha incidencia na execución que obrigase a súa retención ou execución; dado o limitado tempo de execución non poderán revisarse os prezos unitarios establecidos.

5ª. O contratista comprométese á publicidade da obra e documental que fixa o prego de contratación (cartel oficial AGADER). Tamén se compromete a cumprir as obrigas de facturación e a aportar unha reportaxe fotográfica do proceso de execución da obra.

Para a debida constancia de todo o convido, os outorgantes afirmanse e ratifícanse no seu contido, asinándoo na sala de sinaturas da Deputación Provincial da Coruña, comigo Secretario, do cal dou fe e certificado.

Polo Concello  
O ALCALDE

Polo Adxudicatario  
O APODERADO

O SECRETARIO

Alejandro Alonso Figueroa.